CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para producir textos breves,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en intercambios breves de información, sobre temas traballados e próximos á súa experiencia.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar textos breves e sinxelos, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas,.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no

Contidos

- espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
6	Life in the past	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos orais, escritos e sinxelos .	PE	50
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados,.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados.	TI	50
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortésia lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar, de forma guiada, en estratexias elementais para saudar, despedirse , presentarse, e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe.

Contidos

- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
7	You are going to go on holidays	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer o sentido global, palabras e frases específicas en textos orais, escritos breves e sinxelos.	PE	30
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns para captar o sentido global en textos diversos.	TI	70
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves,		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en intercambios breves de información sobre temas próximos á súa experiencia		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar, de forma guiada, estratexias elementais para saudar, despedirse, presentarse e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma progresivamente autónoma os coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira,		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construindo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais,		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través

Contidos

- doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe competencial caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Require, polo tanto, dunha visión interdisciplinaria e da personalización da educación.

Así, para sentar as bases que lle faciliten ao alumnado a adquisición e desenvolvemento das competencias clave determinadas no perfil de saída da educación primaria -empregaremos aquelas alternativas metodolóxicas que nos permitan garantir a inclusión educativa e a atención personalizada:

Poremos, tamén, énfase en favorecer a participación e a convivencia positiva na aula, xerando un clima de confianza no que o erro se entende como fonte de aprendizaxe.

Fomentaremos o traballo colaborativo e en equipo empregando estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Potenciaremos a realización de aprendizaxes significativas que promovan o desenvolvemento da autonomía, a reflexión, a responsabilidade e a capacidade de aprender por si mesmos.

Deseñaremos propostas que integren todos os elementos do currículo. Estas tarefas e actividades ou proxectos estarán relacionados coa resolución de problemas en contextos da vida real e facilitarán a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, de xeito que lle permitan avanzar en máis de unha competencia ao mesmo tempo.

Nesta área Teremos en conta o Marco común europeo de referencia para as linguas pero tamén o desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado deste nivel. Así, para ampliar o seu repertorio lingüístico individual aproveitaremos as súas experiencias propias de mellora da comunicación nas linguas familiares, nun proceso de enriquecemento mutuo.

Polo tanto, basearemos a aprendizaxe desta lingua nos repertorios e experiencias do alumnado, para facilitar a súa participación en actos de comunicación sinxelos. Deseñaremos actividades nas que o alumnado teña que poñer en práctica estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística para facilitar a comprensión mutua e o procesamento e transmisión de información básica e sinxela. Seleccionaremos aquelas actividades que axuden a favorecer a empatía, desenvolver a curiosidade polo coñecemento doutras realidades sociais e culturais e practicar o respecto polas diferenzas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador do alumnado E-Dixgal
Recursos e contidos da plataforma E-Dixgal

Procuraremos organizar o mobiliario e a disposición da clase de forma que se favorezan os seguintes aspectos:

O acceso fácil e directo aos materiais para que o alumnado poida usalos sen dificultade e así fomentar a autonomía.

A presenza de lugares para a exposición permanente da actividade da clase.

A libre expresión e participación do alumnado.(carteis, buzóns de suxestións,etc)

Sabendo que os espazos de circulación e comunicación: corredores, vestíbulos , escaleiras, etc, ademais de cumprir a función de permitir unha circulación física , facilitan a comunicación do traballo que se desenvolve no centro, dos produtos finais dos proxectos que se están desenvolvendo, etc., terémolo en conta no momento de deseñar as distintas actividades.

Ao longo do curso utilizaremos distintos espazos, materiais e recursos didácticos.

O espazo educa e facilita a aprendizaxe. Os últimos estudos en Neurociencia poñen en valor, entre outros aspectos, que o entorno físico no que se dá a aprendizaxe afecta ao noso cerebro e que unha iluminación axeitada incide positivamente no benestar físico e emocional do alumnado, as vistas externas e a luz natural favorecen a concentración nas tarefas. Así, sempre que sexa posible, realizaremos actividades en espazos exteriores.

Para a realización das tarefas interdisciplinares programadas empregaremos todos os recursos TIC que temos á nosa disposición e ademais aqueles que sexan necesarios en cada caso: biblioteca de centro e de aula, xornais, visitas, participación de persoas expertas..., materiais de refugallo e o material funxible necesario (aportado polo alumnado, polo centro ou da natureza) para a confección dos produtos finais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na avaliación inicial teremos en conta os datos aportados por

1º.- A análise da información do curso anterior composta por:

- Acta sesión avaliación final.
- Resultados académicos do grupo-clase.
- Informes individualizados.

-Datos recollidos nas reunións entre titores/docentes establecidas para o traspaso de información.

- Informacións obtidas das familias.

2º.- Os resultados das probas iniciais realizada, tendo en conta:

-os criterios de avaliación e indicadores de competencias do curso anterior.

-o emprego de instrumentos de avaliación variados.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	25	21	22	10	0	50	30	22
Táboa de indicadores	75	79	78	90	100	50	70	78

Criterios de cualificación:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da área na avaliación serán os criterios de avaliación que figuran no currículo e na programación. Polo tanto, aplicaranse os criterios de cualificación determinados en cada tarefa integrada/ proxectos aplicando as porcentaxes asignadas. A cualificación de cada un dos criterios obterase da valoración das evidencias/ información do desempeño do alumnado, recollida cos instrumentos de avaliación e cualificación establecidos para cada un deles.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación

Criterios de recuperación:

A avaliación do alumnado debe ser global, continua e formativa, e terá en conta o desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe e os obxectivos da área trabállanse en todas as avaliacións xa que se trata dun currículo competencial. Tendo isto en conta a recuperación integrarase na avaliación seguinte, aplicando os mesmos instrumentos de avaliación. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado logre unha cualificación positiva. En cada caso aplicaranse as medidas de reforzo educativo adecuadas en calquera momento do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderemos á diversidade rexéndonos polos principios de inclusión, promovendo a presenza, participación e progreso de todo o alumnado con independencia das súas características.

Programaremos as tarefas/proxectos interdisciplinares e planificaremos as situacións de aprendizaxe e a avaliación deseñando actividades e empregando os recursos que nos permitan atender aos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionar múltiples formas de Implicación, proporcionar múltiples formas de Representación e proporcionar múltiples medios de Acción e Expresión.

Sabemos que a Aprendizaxe Cooperativa, ademais dun medio para desenvolver as competencias clave, é unha condición e un instrumento para a inclusión, para o desenvolvemento da solidariedade e a cohesión social. Polo tanto

estruturaremos a aula de forma cooperativa, seguindo as pautas establecidas no programa CA/AC (Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar), recollido no Plan de Convivencia do Centro. En definitiva, poremos en práctica, nas aulas, un conxunto de actuacións para que o alumnado aprenda, practicándoas, as habilidades sociais imprescindibles para traballar en equipo: escoitar con atención aos compañeiros/as, usar un ton de voz adecuado, respectar a quenda de palabra, compartir ideas, preguntar e pedir axuda con corrección, axudar aos compañeiros/as, rematar as tarefas, estar atentos, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade entre mulleres e homes						X	
ET.7 - A educación para a paz					X		
ET.8 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible				X			
ET.9 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual							X
ET.10 - A educación emocional e en valores			X				
ET.11 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.					X		
ET.12 - A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político; a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos		X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.13 - O rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración da violencia terrorista e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.						X	
ET.14 - A pluralidade, o respecto polo Estado de dereito							X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas así como os que supoñan discriminación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual.	X						

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Saída pola contorna. Carteis sobre especias traídas do Novo mundo para entregar nos supermercados e froiteirías da vila. Proxecto: Viaxando con Magallanes.	O alumnado entregará nos supermercados e froiteirías da vila carteis publicitarios sobre especias traídas do Novo Mundo con información tamén en inglés.

Observacións:

Durante o curso poderán levarse a cabo actividades que polo seu interese, pola súa relación cos distintos proxectos de aula, consideremos idóneo incorporalas á programación, xa que este é un documento aberto e flexible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planifico as actividades e momentos do proceso de aprendizaxe tendo en conta o nivel de habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe?
Consegue a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas?
Proporciono información ao alumno sobre a execución das actividades e como pode melloralas, favorecendo procesos de auto e coavaliación?
Nas unidades de aprendizaxe /tarefas hai actividades variadas e con diferentes graos de desempeño na execución?
As propostas de aprendizaxe adáptanse aos diferentes coñecementos previos do alumnado?

Son claros para o alumnado os obxectivos de aprendizaxe das actividades?
Comprobo de diferentes formas que o alumnado comprende a tarefa que teñen que realizar?
Emprego recursos didácticos variados tanto para a presentación da información como para a práctica autónoma do alumnado?
Ensinase aos estudantes a facer presentacións dos seus traballos tanto orais e escritas como de outras formas e tanto individuais como escritas?
O ambiente de aula, a súa organización e os recursos empregados contribúen ao desenvolvemento da aprendizaxe autónoma?
Teñen os estudantes oportunidades para elixir entre actividades distintas?

Descrición:

Avaliaremos o proceso de ensino e práctica docente cunha escala de valoración do 4 ao 1, sendo 4 o grao máximo de consecución do indicador e 1 o grao mínimo. En cada caso incorporaremos as propostas de mellora necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coincidindo coas avaliación trimestrais realizarase a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente valorando o grao de desenvolvemento dos indicadores de logro propostos no apartado anterior. Analizaremos os resultados de cada indicador e incorporaremos as propostas de axuste e mellora necesarios. A partir das melloras propostas para cada un dos indicadores de logro introduciremos as modificacións necesarias nas tarefas integradas/ proxectos deseñados para a seguinte avaliación.

Ao final do curso teranse resultados da avaliación do proceso de ensino e da práctica docente para incorporar as melloras e/ou modificacións necesarias na planificación do seguinte curso escolar.

9. Outros apartados